



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: XXV curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	150
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1999
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A capacitación dos funcionarios da Xunta que aspiren a postos para os que se esixa o diploma de directivo, para desenvolver as súas aptitudes directivas ou modificar aptitudes para optimizar a eficacia e eficiencia da súa xestión e das unidades administrativas baixo a súa dependencia.

DESTINATARIOS

Serán requisitos necesarios para a realización do curso:

- a) Estar na data da convocatoria en posesión do título de licenciado ou diplomado universitario.
- b) Ser funcionario de carreira ou persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde dos grupos A ou B, en situación de servizo activo ou servizos especiais en calquera das administracións públicas existentes en Galicia.
- c) Prestar un mínimo de tres anos de servizos na Administración pública ou cinco no caso dos diplomados.

Dous terzos do total das prazas convocadas (100 prazas) quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que estea a ocupar postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

PROGRAMA

Contido básico: o curso estará distribuído en módulos para o desenvolvemento teórico-práctico de, entre outras, as seguintes materias: función directiva. Habilidades I (dirección de reunións). Control de xestión. Xestión de recursos humanos. Deseño organizativo. Habilidades II (negociación). Calidade de servizo. Xestión do cambio.

As clases completaranse con conferencias a cargo de especialistas cualificados.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes efectuarase por unha Comisión designada para o efecto, de conformidade co previsto no artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos.

2ª fase: realización dunha entrevista, na que a comisión valorará as condicións intelectuais, calidades humanas e profesionais e a capacidade de liderado e motivación dos aspirantes. Dita entrevista poderá puntuarse ata un máximo de 5 puntos.

3. DATOS EDICIÓNS

1148001

LOCALIDADE: SEN DATOS

INICIO / FIN: 10/03/1999 a 21/05/1999

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE